



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Parlamento de Galicia quere lamentar profundamente o falecemento do Guardia Civil, D. Juan Manuel Piñuel Villalón, así como presentar as súas condolencias, solidariedade e apoio á súa familia e aos catro feridos, e amosar a máis enérxica condena e repulsa polo atentado terrorista perpetrado por ETA na localidade de Legutiano –Álava-.

Os membros da Cámara autonómica apoiamos tamén o traballo desenvolvido polas forzas e corpos de seguridade do Estado contra a violencia terrorista, e consideramos indispensable que todas as forzas democráticas traballen en unidade en favor da convivencia en paz e liberdade e na defensa dos dereitos democráticos dos cidadáns.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2008